



## RADIO NA BIBLIO

### Programa de radio. Posibles ideas

#### POR QUE A RADIO?

É un dos poucos proxectos capaz de englobar unha enorme diversidade de contidos de todo tipo. Pode involucrar todas as áreas de aprendizaxe ademais de conectar directamente coas emocións (mellorando a afectividade), favorecendo a imaxinación e numerosas habilidades e competencias.

Defínese ademais como un proxecto de equipo, o común é esencial para que o programa poida ver a luz. Cada equipo ten funcións diferentes, desempeñadas por persoas diferentes entre si. Saber traballar en equipo forma parte tamén das aprendizaxes paralelas.

Pero tamén, o programa de radio, inclúe traballos persoais podendo dar resposta a ansias e intereses particulares integradas nun proxecto común. Pode ser o proxecto perfecto para as expresións dos diferentes talentos que quizais non aparezan doadamente noutro tipo de actividades. Pode servir como unha canle que favorece a integración das diversas sensibilidades.

A radio posúe un aspecto fundamental: a información pode chegar a un número considerable de persoas mesmo alleas ao centro educativo. A predisposición ante este feito fomenta un traballo máis responsable e de calidade independentemente dos resultados académicos. De feito teñen cabida diferentes aptitudes e do que se trata e de crear un campo novo e aberto de adestramento desas destrezas. Esta forte motivación xunto coa funcionalidade do programa fai que a aprendizaxe sexa moito máis significativa.

Pero a radio ademais de crear tamén é escoitar a nós mesmos e aos demais promovendo a crítica construtiva e autocrítica, permitindo facerse conscientes dos resultados dos actos comunicativos en contexto nun proceso de autoavaliación.

## QUE SE PODE FACER?

Só algúns exemplos por áreas:

### **Lingua e Música.**

Guía de lecturas: recomendacións á hora de ler.

Poemas musicados: seleccionamos un poema especial coa música ou efectos desexados.

Relatos: faise un relato breve que pode ser lido/interpretado individual ou colectivamente. É semellante a unha pequeniña obra de teatro.

Traducións ou dobraxes: relatos ou gravacións noutras linguas traducidas ao galego.

Letras de cancións, audios, curtas, vídeos, ...

Cancións: cántase coa música orixinal de grupos musicais coa versión instrumental.

Tamén se poden interpretar diversas cancións directamente.

Selección musical: escolla comentada de determinadas cancións.

Novas, adiviñas, chistes, enredos, ...

### **Ciencias.**

Descricións de seres vivos: ornitoxía, entomoxía, ...

Xeografía: os lugares onde vivimos, lugares do mundo, ...

Recomendacións de libros: libros recomendados de variados temas.

Astronomía: descrición do noso entorno... máis afastado.

### **Xogando coa radio. -**

Gravacións : sons e personaxes do entorno, das actividades feitas coas emisoras.

Escoita e difusión: de emisoras de radio a nivel mundial e dos seus programas.

### **Globalmente** (para calquera área).

Entrevistas: a persoas dos máis variados ámbitos, presencial ou telematicamente.

Toponimia: nomes de lugares, o seu significado e orixe.

**Busca ti mesma, ti mesmo, outros xeitos de participar.  
Consulta tan só se son axeitados.**